

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN O CONTRATO DE EXECUCIÓN DA OBRA DE “REFORMA DAS RÚAS PORTA DA VILA E ESCULTOR FERREIRO”, POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE E TRAMITACIÓN URGENTE, INCLUÍDA NO FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL.

1. OBXECTO.

1.1. O presente contrato terá por obxecto a execución das obras que se describen no proxecto técnico denominado “Reforma das rúas Porta da Vila e Escultor Ferreiro” elaborado polo arquitecto don Sebastián Rios Ernst, número de Colexiado 3.566, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión realizada o 22 de xaneiro de 2009, e integrado polos documentos enumerados no artigo 107 da Le 30/2008, do 30 de outubro, de contratos do sector público (en adiante LCSP), e artigos 125 a 132 do Real decreto 1.098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas (en adiante RXLCAP), incluído o correspondente Estudo de Seguridade e Saúde ou Estudo Básico de Seguridade e Saúde, de acordo co disposto no artigo 4 do Real decreto 1.627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras .

1.2. O conxunto de documentos que compoñen o proxecto técnico considérase que forman parte integrante deste prego, tendo carácter contractual.

1.3. En caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

1.4. Segundo a clasificación estadística de produtos por actividades (CPA 2002) o obxecto deste contrato correspóndese cos seguintes códigos:

- 45.11.12. Traballos de explanación e limpeza do terreo.
- 45.11.2. Traballos de excavación e movementos de terras.
- 45.21.4. Traballos xerais de construción de conducións e tendidos locais e obras auxiliares.
- 45.23.12. Traballos xerais de pavimentación de autoestradas, estradas, rúas e outras vías de circulación para vehículos ou peóns.

2. RÉXIMEN XURÍDICO.

2.1. Este contrato ten carácter administrativo e rexeráse polo establecido neste prego, na LCSP, no RXLCAP, no Real decreto-lei 9/2008, de 28 de novembro, polo que se crea un Fondo Estatal de Investimento Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e se aproban créditos extraordinarios para atender ó seu financiamento e demais lexislación aplicable.

2.2. A presente contrata adxudicarase por procedemento negociado con publicidade de acordo ó establecido nos artigos 155.d) e 161.2. da LCSP e o expediente seguirá a tramitación urgente prevista no artigo 96 e 128 da mesma, en cumprimento do establecido no artigo 9 do Real decreto lei 9/2008, de 28 de novembro.

3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN, EXISTENCIA DE CRÉDITO, IMPOSTOS E REVISIÓN DE PREZOS.

3.1. O orzamento base de licitación será de setecentos cincuenta e dous mil douscentos sesenta e tres euros con sesenta e tres céntimos (752.263,63 €) de acordo ó seguinte desglose:

- prezo sen IVE: setecentos cincuenta e dous mil douscentos sesenta e tres euros con sesenta e tres

céntimos (752.263,63 €).

- IVE: cento vinte mil trescentos sesenta e dous euros con dezaioito céntimos (120.362,18 €).
- prezo con IVE: oitocentos setenta e dous mil seiscentos vinte e cinco euros con oitenta e un céntimos (872.625,81 €).

3.2. A tódolos efectos, entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores comprenden o IVE e demais tributos que lle sexan de aplicación segundo as disposicións vixentes, sen perxuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co artigo 75.2 da LCSP e modelo de oferta económica do presente prego .

3.3. As obrigas económicas que se derivan do cumprimento deste contrato realizaranse con cargo á partida orzamentaria 511 61001 e financiarase con cargo ó Fondo Estatal de Investimento Local creado polo Real decreto-lei 9/2008, de 28 de novembro, segundo a Resolución de data 16 de febreiro de 2009, do Secretario de Estado de Cooperación Territorial, pola que se autoriza o financiamento da obra “Reforma das rúas Porta da Vila e Escultor Ferreiro” con cargo a este Fondo e que foi publicada no enderezo electrónico do Ministerio de Administracións Públicas (www.map.es) o 16 de febreiro de 2009.

3.4. Dada a natureza das obras non procederá en ningún caso a revisión de prezos do contrato e polo tanto non se aplicará fórmula de revisión algunha.

4.- ANUALIDADES NAS QUE SE DISTRIBÚE.

O pago das cantidades correspondentes ó orzamento do contrato aboarase nunha soa anualidade correspondente ó ano 2009.

5. PRAZO DE EXECUCIÓN.

5.1. O prazo de execución do contrato fíxase en cento oitenta (180) días naturais, contados desde a data de sinatura da acta de comprobación da implantación do proxecto, agás que exista reserva fundada que impida o seu comezo. O contratista queda igualmente obrigado ó cumprimento dos prazos parciais fixados no Programa de traballo que se aprobe. En todo caso, as obras deberán quedar rematadas antes do día 1 de xaneiro de 2010.

5.2. O prazo contractual só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

6. GASTOS A ABOAR EN CASO DE RENUNCIA OU DESISTIMENTO.

En caso de renuncia ou desistimnto, compensarase a cada un dos licitadores polos gastos nos que incurrise que, en todo caso, deberán ser acreditados. Non obstante, esta indemnización non superará en ningún caso o límite de 500,00 €.

7. REQUISITOS DAS E DOS LICITADORES E CLASIFICACIÓN.

7.1. Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 49 da LCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, de acordo ó establecido na cláusula 8.4. deste prego.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente ó

efecto e de conformidade co artigo 48 da LCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación á que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, ostentará a plena representación de todos eles fronte á administración e que asumen o compromiso de constituírse en Unión Temporal de Empresas (artigo 24 do RXLCAP). O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión.

7.2. Dado que o orzamento do contrato supera a cantidade de 350.000,00 € e de acordo co establecido na disposición adicional sexta do Real decreto-lei 9/2008, do 28 de novembro, polo que se o Fondo Estatal de Inversión Local, será requisito indispensable para participar na licitación que o contratista obteña previamente a correspondente clasificación. No presente suposto a clasificación esixible será:

- Grupo C, subgrupo 5.
- Grupo E, subgrupo 1.
- Categoría e.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior para os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea será suficiente que acrediten perante o órgano de contratación correspondente a súa solvencia económica e financeira e técnica e profesional mediante a presentación dos documentos que se indica na cláusula 8.4.c).

No suposto de concurrir a licitación unha unión temporal de empresarios, tódalas empresas que a formen deberán ter obtido con carácter previo clasificación como empresa de obras, e estarase ó disposto no artigo 56.5. da LCSP.

8. SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN E DOCUMENTACIÓN.

8.1. Todas as persoas naturais ou xurídicas que cumpran os requisitos relacionados na cláusula anterior poderán presentar solicitude de participación, de acordo ó establecido nos artigos 148 e 161.2. da LCSP, durante o prazo de cinco (5) días naturais, contados desde a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Noia ó que se pode acceder a través de internet na dirección <http://www.noia.es>, de conformidade co disposto no artigo 42 e 126.4. da LCSP. Asemade no perfil do contratante poderase accederse ó prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán esta contratación.

As solicitudes, coa documentación que se indica nos seguintes apartados, deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Noia ubicado na rúa Rosalía de Castro, número 2, 15200, Noia, en horario de nove (9:00) a catorce (14:00) horas de luns a venres e de dez (10:00) a trece (13:00) horas os sábados.

Cando as solicitudes se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo. Transcorridos, non obstante, dez (10) días naturais, seguintes á data indicada, sen recibirse a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

8.2. Cada licitador non poderá presentar máis que unha soa solicitude de participación, calquera que sexa o número de dependencias onde esta poda ser presentada. Tampouco poderá subscribir ningunha

solicitude en agrupación temporal con outras, se o fixo individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal. A contravención deste principio dará lugar automaticamente á inadmisión de todas as presentadas por el.

8.3. Os solicitantes que desexen participar na licitación deberán facelo mediante escrito ó que acompañarán a seguinte documentación nun sobre pechado e asinado polo licitador ou persoa que o represente, denominado **Sobre A Solicitude de participación**, en cuxo exterior deberá figurar:

- ◆ A razón social, denominación do licitador e número de CIF.
- ◆ Enderezo, número de teléfono e número de fax do licitador.
- ◆ Identificación do sobre, é dicir, **Sobre A Solicitude de participación**.
- ◆ O título do Procedimento, é dicir, <<**Procedimento negociado convocado polo Concello de Noia para a adxudicación do contrato de execución da obra “Reforma da rúa Porta da Vila e Escultor Ferreiro”>>.**

8.4. Neste sobre deberán incluírse obrigatoriamente os seguintes documentos orixinais ou mediante copias debidamente compulsadas, conforme á lexislación vixente:

- a) A capacidade de obrar dos empresarios que foran persoas xurídicas acreditarase mediante escritura de constitución e de modificación, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos o acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente rexistro oficial.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos términos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A Capacidade de obrar das empresas estranxeiras non comprendidas no parágrafo anterior acreditarase mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa, na que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato. Asemade deberán xustificar, mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma sustancialmente análoga e presentar documento acreditativo de que a Empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que está inscrita no Rexistro Mercantil (artigo 44.2 LCSP).

No suposto de concorrer un empresario individual acompañará o Documento Nacional de Identidade e, no seu caso, a escritura de apoderamento debidamente legalizada.

- b) Código de Identificación Fiscal.
- c) Documento de clasificación empresarial: certificación expedida pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda (ou órgano correspondente da Comunidade

Autónoma de Galicia) de estar clasificado nos grupos, subgrupos e categoría que se sinalan na cláusula 7.2. do presente prego.

As empresas que se atopen pendentes de obter a clasificación, deberán aprotar o documento acreditativo de ter presentado a correspondente solicitude para elo, debendo xustificar que obtivo a clasificación esixida no prazo previsto para a subsanación de defectos ou omisións na documentación.

A falla ou insuficiencia da clasificación non poderá suplirse mediante a integración da solvencia con medios externos.

Non obstante para as empresas non españolas de estados membros da Comunidade Europea que non estean clasificadas será suficiente que acrediten perante o órgano de contratación a súa solvencia económica e financeira por calquera dos medios relacionados no artigo 64 da LCSP e a solvencia técnica mediante relación das obras executadas no curso dos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes.

- d) Declaración responsable de que o licitador non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 49 da LCSP, outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado (artigo 62 LCSP).

Esta declaración comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal, a da Comunidade Autónoma de Galicia e a do Concello de Noia, e coa Seguridade Social impostas, ou ben acreditarse mediante as certificacións administrativas correspondentes. No primeiro caso, os licitadores terán en conta que de resultar adxudicatarios, os devanditos certificados expedidos polo órgano competente deberán presentarse no prazo máximo de catro (4) días hábiles contados desde a publicación no perfil do contratante a adxudicación provisoria.

A empresas comunitarias, non españolas, poderán acreditar que non están incursas en prohibición de contratar mediante os certificados de clasificación ou documentos similares que acrediten a súa inscrición en listas oficiais de empresarios autorizados para contratar establecidas polos Estados membros da Unión Europea ou mediante certificación emitida por organismos que respondan ás normas europeas de certificación expedidas de conformidade coa lexislación do Estado membro en que esté establecido o empresario. Ditos documentos deberán indicar as referencias que permitisen a inscrición do empereasrio na lista ou a expedición da certificación, así como a clasificación obtida.

- e) Poder bastante ó efecto a favor da persoa que compareza ou asine proposicións en nome de outro. Se o licitador fora persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil. Se se trata dun poder para acto concreto non é necesaria a inscrición en Rexistro Mercantil, de acordo co artigo 94.1.5 do Regulamento do Rexistro Mercantil. O bastanteo deberá realizarse pola secretaria do Concello de Noia ou funcionario habilitado, en horario de nove (9) a catorce (14) horas, de luns a venres.
- f) Documento nacional de identidade do apoderado ou apoderados.
- g) Compromiso, de conformidade co disposto no artigo 53.2. da LCSP, asinado polo representante da empresa, de adscribir á execución da obra os medios persoais e materiais que relaciona e que entende suficientes para a súa execución, de acordo ó seguinte modelo:

<<Don/Dona en nome e representación da empresa comprométese a adscribir á execución das obras de “Reforma da rúas Porta da Vila e Escultor Ferreiro”, tal e como se describen no proxecto técnico aprobado, os seguintes medios persoais e materiais que relaciono a continuación e que resultan suficientes para a súa execución:

- Medios persoais, incluíndo os que xa existan na empresa e os que se contratarán ex novo para esta obra: número de traballadoras e traballadores e categoría profesional dos mesmos.
- Medios materiais: a) relación de maquinaria, equipos e medios auxiliares que o licitador adscribirá ás obras, adecuada ás súas características de acordo coas necesidades establecidas no programa de traballo; b) porcentaxe de obra que subcontractará.>>

A non idoneidade ou a non xustificación dos medios persoais e materiais propostos, segundo criterio da Mesa de Contratación, terá carácter excluínte.

O incumprimento, durante a execución do contrato, do compromiso de adscrición considerárase incumprimento de obriga esencial do contrato, de acordo ó disposto no artigo 206. g) da LCSP, polo que será causa de resolución do mesmo. Non obstante, o órgano de Contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 45. do presente prego.

- h) As unións temporais de empresas deberán indicar os nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de se constituír formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 48 da LCSP.
- i) No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o artigo 129 da LCSP e o artigo 86 do RXLCAP, presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou a súa denominación social, e constará este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.
- j) As empresas estranxeiras achegarán unha declaración expresa de someterse á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois en calquera orde, para tódalas incidencias que de xeito directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ó licitante (artigo 130.1.d. LCSP).
- k) Unha relación de tódolos documentos incluídos neste sobre.

8.5. Os licitadores que estén inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia poderán indicar o rexistro no que estean inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o artigo 303 da LCSP e a declaración antes referenciada prevista no artigo 130.3. da LCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

8.6. As empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Excm. Deputación Provincial da Coruña, do Rexistro de contratos e do Rexistro de convenios, publicada no BOP núm. 64 do 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referenciados na cláusula 8.4.

apartados a), b), c), d) agás no referente ó cumprimento das obrigas tributarias coa facenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a do Concello de Noia, e), f) e j) sempre que os citados documentos estén vixentes. Para estes efectos acompañarase copia simple do informe do Rexistro de inscrición coa indicación do número co que está inscrita a dita empresa no Rexistro.

8.7. Tódolos documentos relacionados nos apartados 8.4. e 8.5. da presente cláusula poderán presentarse orixinais ou mediante copias dos mesmos debidamente autenticadas, conforme á lexislación vixente.

9. EXAMEN DAS SOLICITUDES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación, a mesa de contratación cualificará previamente os documentos presentados en tempo e forma contidos no sobre A. Ós efectos da expresada cualificación, o presidente ordenará a apertura do sobre A e o secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles. Se a mesa observase defectos materiais na documentación presentada comunicarao por fax ós interesados, ademais farase público a través dun anuncio que se colocará no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e concederá un prazo non superior a tres (3) días hábiles para que o licitador emende o erro.

A mesa, unha vez cualificada a documentación administrativa e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, pronunciarase expresamente sobre os solicitantes admitidos, os rexeitados e sobre as causas do seu rexeitamento.

O órgano de contratación e a mesa de contratación poderán recadar dos licitadores aclaracións sobre os certificados e documentos presentados ou requirirille para a presentación de outros complementarios, o que deberá cumprimentar no prazo de tres (3) días hábiles sen que poidan presentarse despois de declaradas admitidas as ofertas conforme ó disposto no artigo 83.6 do RXLCAP.

10. INVITACIÓN PARA PRESENTAR OFERTA.

10.1. En base á proposta formulada pola Mesa de Contratación, o órgano de contratación invitará ós solicitantes admitidos a presentar oferta. Esta invitación conterá como mínimo os datos recollidos no artigo 150 da LCSP.

10.2. As ofertas para poder tomar parte na licitación presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Noia ubicado na rúa Rosalía de Castro, número 2, 15200, Noia, durante o prazo de oito (8) días naturais, contados desde a recepción da invitación, en horario de nove (9:00) a trece horas e trinta minutos (13:30), de luns a venres, e de dez (10:00) a trece (13:00) horas os sábados.

10.3. Cando as ofertas se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a oferta se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo. Transcorridos, non obstante, dez (10) días naturais, seguintes á data indicada, sen recibirse a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

11. CONTIDO DAS OFERTAS.

11.1. As ofertas deberán presentarse en dous sobres pechados e asinados polo licitador ou persoa qu o represente: **Sobre B** denominado **Referencias técnicas** e **Sobre C** denominado **Número de traballador@s a contratar para a execución da obra e Oferta económica**, e no exterior dos mesmos deberá figurar:

- A razón social, denominación do licitador e número do CIF.
- Enderezo, número de teléfono e número de fax do licitador.
- Identificación do sobre, é dicir, **Sobre B “Referencias técnicas”** ou **Sobre C “Número de traballador@s a contratar para a execución da obra e Oferta económica”**.
- O título do procedemento de contratación, é dicir, <<**Procedimento negociado convocado polo Concello de Noia para a adxudicación do contrato de execución da obra “Reforma da rúa Porta da Vila e Escultor Ferreiro”**>>.

11.2. O Sobre B conterá a seguinte documentación:

a) Índice da documentación.

b) Proxecto de control de calidade. A oferta conterá de forma xustificada a proposta programada do control interno de calidade que a empresa vaia desenvolver durante a execución das obras, con independencia do que realice a Administración. Así mesmo figurará a porcentaxe, expresada con dous decimais aplicado sobre o orzamento de execución material da obra, que a empresa destinará a contratar a unha empresa homologada e non vinculada á empresa licitadora, axustado ao seguinte modelo:

“Don/Dona..... en nome e representación da empresa comprométese a destinar o ...% (expresado con dous decimais) sobre o orzamento de execución material da obra Remodelación das rúas Porta da Vila e Escultor Ferreiro.
(Lugar, data e sinatura)”

c) Programa de traballo. As empresas deberán presentar un programa de traballo que contemple o desenvolvemento das distintas unidades que se van realizar en cada prazo, tendo en conta especialmente a organización do tráfico viario e peonil que tanscorre polas rúas afectadas, o acceso ás vivendas, garaxes e baixos comerciais, así como as posibles interrupcións de servizos, e deberá incluír:

- Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflecta a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición da calidade de materiais, sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra.
- Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto (detallado en días naturais), axustado ás anualidades previstas, se é o caso, nas condicións de licitación. Calquera referencia neste gráfico a importes distintos do orzamento de licitación, suporá a non admisión da oferta.
- Descrición fotográfica ou en vídeo da obra: describirase a forma en que se documentará fotograficamente ou en vídeo o desenvolvemento e evolución das obras. A devandita documentación entregarse á administración na data da Acta de Recepción.

d) Proposta de redución de prazos de execución (expresado en días naturais). A empresa presentará unha memoria sobre a organización do proceso construtivo, na que -se é o caso, razoando as vantaxes que signifique para a Administración- expresarase unha proposta, debidamente xustificada, de redución dos prazos de execución.

A devandita memoria conterá un programa de execución das obras, describindo mediante diagramas os tempos actividades e previsións de custos (expresadas en unidades monetarias oficiais).

11.3. O Sobre C conterá a seguinte documentación:

a) Índice de documentación.

b) Declaración asinada polo licitador ou persoa que legalmente lle represente de acordo ó seguinte modelo:

<<Don/Dona en nome e representación de declara baixo a súa responsabilidade que para a execución das obras de “Reforma da rúas Porta da Vila e Escultor Ferreiro”, se compromete a contratar, a través dos Servizos públicos de emprego, un total de traballadores e/ou traballadoras en situación legal de desemprego, de acordo ó establecido no artigo 208 da Lei Xeral da Seguridade Social, coas seguintes características:

Categoría profesional	Tipo de contrato (indicar núm. de traballador@s por tipo de contrato).
	C. indefinido:
	C. de duración determinada (por obra ou servizo, por circunstancias da produción ou interinidade):
	C. en prácticas:
	C. para a formación:
	C. indefinido:
	C. de duración determinada (por obra ou servizo, por circunstancias da produción ou interinidade)
	C. en prácticas:
	C. para a formación:

Lugar, data e sinatura.>>

O incumprimento, durante a execución do contrato, do compromiso de contratar ó número de traballador@s en situación legal de desemprego consignados nesta declaración considerárase incumprimento de obriga esencial do contrato, de acordo ó disposto no artigo 206. g) da LCSP, polo que será causa de resolución do mesmo. Non obstante, o órgano de Contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 45. do presente prego.

c) A oferta económica de acordo ó seguinte modelo:

“Don/Dona con DNI número natural de provincia de maior de idade e con domicilio en rúa teléfono..... actuando en nome (propio ou da empresa á que represente indicando neste último caso o número do CIF), invitado a participar no procedemento negociado con publicidade convocado polo Concello de Noia para a adxudicación do contrato de execución da obra “Reforma das rúas Porta de Vila e Escultor Ferreiro”, MANIFESTA que conforme con tódolos requisitos e condicións que se esixen no prego de cláusulas administrativas particulares que rexen dito procedemento e no proxecto técnico da obra, na representación que ostenta, COMPROMÉTESE á execución da obra por un prezo de:

1. prezo sen IVE: euros (en letra e número).
2. IVE:.....euros (en letra e número).

3. Total (1+2):.....euros (en letra e número).

Lugar, data e sinatura”

d) Declaración, de selo caso, asinada polo licitador ou persoa que legalmente lle represente, da porcentaxe de traballador@s con discapacidade que ten no seu cadro de persoal, de acordo ó seguinte modelo:

<<Don/Dona en nome e representación de declara baixo a súa responsabilidade, que no cadro de persoal desta empresa existe un número de traballador@s con discapacidade superior ó 2%, dos cales un total do% son fixos.>>

No suposto de non contar con traballador@s con discapacidade ou si a porcentaxe destes é inferior ó 2% do cadro de persoal, non se incluírá esta declaración.

11.4. As ofertas dos licitadores deberán axustarse ó previsto no prego de cláusulas administrativas particulares e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade de ditas cláusulas ou condicións, así como do proxecto e do prego de prescricións técnicas, sen salvedade ou reserva algunha.

11.5. As ofertas serán segredas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento no que deba procederse á apertura en público das mesmas.

11.6. Cada licitador non poderá presentar máis que unha soa oferta, calquera que sexa o número de dependencias onde esta poda ser presentada. Tampouco poderá subscribir ningunha oferta en agrupación temporal con outras, se o fixo individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal. A contravención deste principio dará lugar automaticamente á inadmisión de todas as presentadas por el.

12. EXAME DAS OFERTAS.

12.1. Rematado o prazo de presentación das proposicións, a Mesa de Contratación procederá á apertura dos sobres B, cuxo contido será remitido ó Comité de Expertos ós efectos de valorar os aspectos relacionados na cláusula 13. que non sexan de aplicación automática mediante fórmulas senón que dependan dun xuízo de valor (apartados I, II e III da cláusula 13). Este Comité será nomeado polo órgano de contratación e o seu número non poderá ser inferior a tres.

12.2. Elaborado o dictamen por aquel Comité, a Mesa de Contratación procederá, en acto público, á apertura dos sobres C, ós efectos de valorar o número de traballador@s que se contratarán para a obra e a oferta económica, de acordo ó sinalado nos apartados IV e V da cláusula 13, poidendo solicitar cantos informes técnicos considere pertinentes, e por último, formulará a proposta de adxudicación que estime pertinente ó órgano de contratación.

O día, hora e lugar do acto público publicarase no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e no perfil do contratante do Concello de Noia, cando menos, con 24 horas de antelación.

12.3. Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte da licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada pola mesa, en resolución motivada.

12.4. A administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente prego, ou declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran no presente prego.

12.5. A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución do servizo, realizada en calquera fase de tramitación do expediente faculta ó órgano de contratación para que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á administración contratante e demais consecuencias previstas en LCSP.

Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisoria, poderase esixir dito importe mediante o procedemento de constrinximento, así como para a indemnización por danos e perdas.

12.6. As proposicións presentadas, tanto as declaradas admitidas como as rexeitadas sen abrir ou as desestimadas unha vez abertas, serán arquivadas no seu expediente. Adxudicado o contrato e transcorridos os prazos para a interposición de recursos sen que se puxeran, a documentación administrativa, incluída no Sobre A, quedará a disposición dos interesados.

13. ASPECTOS QUE SERÁN OBXECTO DE NEGOCIACIÓN.

Os criterios de valoración das proposición serán os seguintes:

I) Programa de control interno de calidade: de 0 a 25 puntos con arranxo ó seguinte desglose. Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan:

A) PLAN DE CONTROL	Ofertas que presenten un plan de control específico e adaptado á obra.	De 3,01 a 7,00 puntos
	Ofertas qu presenten un plan de control xenérico e parcialmente adaptado á obra	De 1,01 a 3,00 puntos
	Ofertas que presenten un plan de control insuficiente.	De 0,00 a 1,00 puntos
	Ofertas que presenten un plan de control non adaptado á obra e incompleto.	0 puntos
B) ENSAIOS	Ofertas que presenten un plan de ensaios específico e adaptado á obra.	De 3,01 a 7,00 puntos
	Ofertas que presenten un plan de ensaios xenérico e parcialmente adaptado á obra	De 1,01 a 3,00 puntos
	Ofertas que presenten un plan de ensaios insuficiente.	De 0,00 a 1,00 puntos
	Ofertas que presenten un plan de ensaios non adaptado á obra e incompleto.	0 puntos
C) ORZAMENTO DE ENSAIOS	Aumento do orzamento de ensaios sobre o orzamento de execución material.	De 0,00 a 7,00 puntos
D) CERTIFICADOS	Certificados ISO9001	2 puntos
	Certificado 14001	2 puntos

II) Programa de traballo: de 0 a 25 puntos con arranxo ó seguinte desglose expresado en dous decimais:

Ofertas que presenten un programa de traballo específico e adaptado á obra.	De 16,01 a 25,00 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo xenérico e parcialmente adaptado á obra.	De 8,01 a 16,00 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo incompleto.	De 0,01 a 8,00 puntos

Ofertas que presenten un programa de traballo non adaptado e incompleto.

0 puntos

III) Proposta de redución de prazos: de 0 a 20 puntos. Tomaranse en consideración só as ofertas de redución de prazo que resulten debidamente xustificadas. Calcularase en primeiro lugar a diferenza entre os valores máximo e mínimo de redución de prazos, medidos en días naturais, que representen as ofertas consideradas. A porcentaxe que signifique esta diferenza con relación ó prazo de proxecto servirá para fixar proporcionalmente o número natural máximo de puntos que se vai adxudicar por este concepto. Desta forma:

- Para unha porcentaxe inferior ou igual ó 5% corresponderalle un máximo de 2 puntos.
- Para unha porcentaxe superior ó 5% e inferior ou igual ó 10%, 4 puntos; e así sucesivamente, até un máximo de 20 puntos.

Seguidamente, asignarase a máxima puntuación á proposición que ofrezca a maior redución, e a partir desda ó resto das proposicións dun xeito lineal e tendo en conta que aquelas proposicións que non ofrezcan redución algunha sobre o prazo fixado no proxecto non obterán ningún punto en aplicación deste criterio.

Asemade outorgarase 0 puntos a aquelas ofertas de redución de prazo que non se consideraron debidamente xustificadas.

Nos casos de proposición única presentada debidamente xustificada que non exceda do prazo sinalado en proxecto ou dun conxunto de proposicións que signifique diferenzas de prazo inferiores ó 5% daquel, cualificarase sempre con 1 punto.

IV) Número de traballador@s a contratar para a execución da obra. Outorgarase unha puntuación máxima de **25 puntos**, distribuídos do seguinte xeito:

- a) 10 puntos por cada traballador con contrato indefinido.
- b) 5 puntos por cada traballador con contrato de duración determinada.
- c) 1 punto por cada traballador con contrato en prácticas ou para a formación.

V) Oferta económica. Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan. Outorgarase unha puntuación máxima de 5 puntos. Calcularase aplicando a seguinte fórmula:

(% de baixa da oferta X puntuación máxima) / (%de baixa da oferta máis económica).

VI) No suposto de que, logo de aplicar os criterios sinalados nos apartados I, II, III, IV e V desta cláusula, dous ou máis licitadores empaten en puntuación terá preferencia na adxudicación aquel que teña no seu cadro de persoal unha porcentaxe superior ao 2% de traballadores ou traballadoras con discapacidade. De persistir o empate, terá preferencia o licitador que teña a maior porcentaxe de traballadores ou traballadoras fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

14. CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A OFERTA ECONÓMICA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.

14.1. Considerarase que a oferta económica contén valores anormais ou desproporcionados sempre que o prezo ofertado sexa inferior nun 10% á media do total dos ofertados.

14.2. Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal

notificarase esta circunstancia ós licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de tres (3) días hábiles xustifiquen a súa oferta de acordo ó establecido no artigo 136.3. da LCSP. Esta xustificación será remitida ós servizos técnicos ós efectos de que emitan o correspondente informe.

14.3. Si o órgano de contratación, tendo en conta a xustificación efectuada polo licitador e o informe dos servizos técnicos, estima que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores desproporcionados ou anormais, acordará a adxudicación provisoria a favor da seguinte proposición máis vantaxosa que se estime que pode ser cumprida á satisfacción da administración e que non sexa considerada anormal ou desproporcionada.

15. VARIANTES.

Os licitadores non poderán propoñer variantes ou melloras ó proxecto.

16. GARANTÍA PROVISORIA

Non se esixe a constitución de garantía provisoria de acordo co artigo 91 da LCSP.

17. MESA DE CONTRATACIÓN.

17.1. A mesa de contratación, de acordo co establecido na disposición adicional segunda, apartado 10., da LCSP, estará constituída polos seguintes membros:

- **Presidente:** Don Rafael García Guerreo, Alcalde do Concello de Noia.
- **Vogais:**
 1. Don Xosé Bernaldo Castro Campos, Concelleiro delegado de urbanismo, vivenda e solo do Concello de Noia.
 2. Don José Rodríguez Agulleiro, Concelleiro delegado de obras e servizos do Concello de Noia.
 3. Don José Luis Trillo Suárez, concelleiro do grupo político municipal do Partido Popular do Concello de Noia.
 4. Don Sebastián Rios Ernts, arquitecto redactor do proxecto técnico.
 5. Dona Manuela Barcia Vázquez, interventora do Concello de Noia.
 6. Dona Ana María Ares Álvarez, secretaria do Concello de Noia.
- **Secretario:** Don Ramiro Lema Muíño, funcionario do Concello de Noia, con voz pero sen voto.

17.2. En todo caso, a avaliación dos criterios de adxudicación que non sexan de aplicación automática mediante fórmulas senón que dependan dun xuízo de valor, corresponderalle ó comité de expertos que será nomeado polo órgano de contratación, e que contará como mínimo con tres membros.

18. ADXUDICACIÓN PROVISORIA E DOCUMENTACIÓN.

18.1. A adxudicación provisoria acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada na que se concretarán e fixarán os termos definitivos do contrato. Esta resolución notificarase aos licitadores e publicarase no perfil do contratante e se os interesados o solicitan facilitaráselles información sobre os motivos do rechazo da súa proposición e das características da proposición do axudicatario que fosen determinantes da adxudicación ó seu favor, nun prazo de tres (3) días hábiles desde a recepción da petición en tal sentido.

En todo caso, a adxudicación provisoria deberá efectuarse no prazo máximo de 20 días naturais contados desde que remate o prazo de presentación das ofertas.

18.2. No prazo máximo catro (4) días hábiles, contados desde a publicación no perfil do contratante da adxudicación provisoria, o adxudicatario deberá:

- a) Presentar os certificados xustificativos de estar ó corrente coa facenda estatal, a da Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello de Noia, así como, coas obrigas da Seguridade Social.
- b) Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o artigo 84 da LCSP.

19. ADXUDICACIÓN DEFINITIVA.

19.1. No prazo dos cinco (5) días hábiles seguintes a publicación no perfil do contratante da adxudicación provisoria e sempre que o adxudicatario presentase a documentación que se indica na cláusula anterior, efectuarase a adxudicación definitiva que será notificada ós licitadores. Se os interesados o solicitan facilitaráselles información sobre os motivos do rechazo da súa proposición e das características da proposición do axudicatario que fosen determinantes da adxudicación ó seu favor, nun prazo de oito (8) días naturais desde a recepción da petición en tal sentido. Asemade a adxudicación definitiva será publicada no perfil do contratante e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

19.2. Neste acordo de adxudicación definitiva designarase ó técnico director da obra e, de ser o caso, o coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra.

20. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

20.1. O contrato formalizarase en documento administrativo dentro do prazo dos cinco (5) días hábiles contado desde o seguinte ao da notificación da adxudicación definitiva.

20.2. No caso de que o contrato fora adxudicado a unha unión temporal de empresas deberán estas acreditar a súa constitución en escritura pública e NIF asignado á agrupación dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

21. PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, RELACIÓN DE SUBCONTRATISTAS E SUBMINISTRADORES, PROGRAMA DE TRABALLO E CONTRATOS DE TRABALLO.

21.1. No prazo máximo de dez (10) días naturais, contados desde a notificación da adxudicación definitiva ó contratista, este deberá presentar a seguinte documentación:

- a) O **Plan de seguridade e saúde no traballo** que será informado polo coordinador de seguridade e saúde no prazo máximo de cinco (5) días naturais e aprobado polo órgano de contratación antes do inicio das obras.
- b) **Relación nominal de subcontratistas e subministradores**, ós efectos do establecido na cláusula 48 deste prego, indicando nome e apelidos ou razón social, NIF ou CIF, e domicilio social, e ademais, con respecto aos subcontratistas a parte da prestación que se lle pretende subcontratar, a porcentaxe que supón sobre o importe de adxudicación e a xustificación da aptitude deste para executala por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia. No caso de que o subcontratista tiver a clasificación adecuada para realizar a parte do contrato

obxecto da subcontratación, a comunicación desta circunstancia eximirá ao contratista da necesidade de xustificar a aptitude daquel.

- c) O **Programa de traballo**, que non poderá modificar ningunha das condicións contractuais. Á vista do mesmo, o órgano de contratación resolverá sobre a súa aplicación incorporándose ó contrato.
- d) Copia dos **Contratos de traballo** en número e das características consignadas na súa oferta de acordo ó establecido na cláusula 11.3. deste prego, así como, copia da **Oferta de emprego** selada polo Servizo público de emprego ou documento que legalmente o substitúa.

Asemade o contratista, durante a execución do contrato, queda obrigado a poñer en coñecemento do órgano de contratación as altas e baixas de traballador@s adscritos á obra que se produzan, mediante a correspondente declaración, e este poderá requerirle, en calquera momento, que acredite o número e características dos contratos de traballo dos traballadores ou traballadoras adscritos á obra, mediante a documentación que se estime pertinente.

21.2. Si, por incumprir o contratista o prazo indicado no parágrafo anterior, non fora posible empezar as obras ó recibir a autorización para o inicio das mesmas, non poderá reclamar ampliación algunha de prazo por este motivo.

22. COMPROBACIÓN DA IMPLANTACIÓN DO PROXECTO.

22.1. No prazo máximo dos dez (10) días hábiles seguintes á notificación da adxudicación definitiva efectuarase a comprobación da implantación do proxecto, na data en que a administración sinale, polo que queda obrigado o contratista, trala notificación previa, a acudir a este e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 212 da LCSP.

22.2. Se o contratista non acude, sen causa xustificada, ó acto de comprobación, a súa ausencia considerarase como incumprimento do contrato coas consecuencias e efectos previsto no artigo 220 da LCSP.

23. COMEZO DAS OBRAS E AVISO PREVIO Á AUTORIDADE LABORAL.

23.1. O director da obra, directamente ou por medio do coordinador de seguridade e saúde, deberá efectuar o correspondente aviso previo á autoridade laboral antes do comezo das obras (artigo 18 do Real decreto 1.627/1997), documento cuxa presentación debe exhibir ao contratista.

23.2. Cando o resultado da comprobación do replanteo demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo director das obras, e sen reserva por parte do contratista, aquel dará a autorización para as iniciar, facéndose constar este aspecto explicitamente na acta redactada, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e comezará a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ó da sinatura da mesma.

Para poder outorgar esta autorización, o director das obras deberá ter comprobado previamente que o contratista ten presentado a documentación relacionada na cláusula 21. deste prego.

24. CARTEIS E SINAIS.

24.1. Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar á súa costa un cartel

relacionado coa obra, coas características e formato recollidas na Resolución do 13 de xaneiro de 2009 da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, pola que se ordena a publicación do modelo e as condicións técnicas do cartel anunciador que debe instalarse nas obras financiadas con cargo ó Fondo Estatal de Investimento Local creado polo Real decreto-lei 9/2008, de 28 de novembro, redactado en lingua galega. Este cartel deberá manterse na obra até que se devolva a garantía definitiva, sendo responsable o contratista durante o dito prazo de que o cartel permaneza instalado en perfectas condicións.

24.2. Transcorridos seis (6) meses contados desde a recepción da obra e en todo caso antes da devolución da garantía deberá proceder á retirada do cartel pola súa conta.

24.3. Así mesmo, o contratista está obrigado a instalar pola súa conta os sinais indicativos de obras, perigo, precaución, desvío, etc., de conformidade co disposto no Código da circulación e normativa de prevención de riscos laborais, e a adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.

25. FOTOGRAFÍAS.

25.1. O adxudicatario deberá xuntar a cada certificación de obra as seguintes fotografías por triplicado:

- a) Do cartel da obra.
- b) Do cartel da obra e o seu contorno.

En ambos casos deberá levar no dorso a sinatura do director da obra e a data da súa realización.

25.2. Na data da Acta de recepción o contratista deberalle entregar á administración a reportaxe fotográfica ou en vídeo relativo ó desenvolvemento, execución e finalización das obras nas súas distintas fases. A citada documentación poderaa utilizar a administración libremente e sen limitación temporal.

26. OCUPACIÓN DE TERREOS, AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS E PROXECTO DE CONTROL ARQUEOLÓXICO.

26.1. O contratista non pode ocupar os terreos afectados pola obra ata recibir a orde correspondente da dirección e quedará obrigado a cumprir as condicións establecidas nas autorizacións outorgadas polo Servizo de Vias e Obras da Deputación Provincial e pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, incluído a constitución das fianzas que estes organismos poideran esixir.

26.2. Queda igualmente obrigado a respetar a proposta de actuación arqueolóxica prevista no “Modificado do proxecto de control arqueolóxico de remoción de terras das obras de rehabilitación das rúas Porta da Vila e Escultor Ferreiro” redactado por dona Manuela Pérez Mato, así como as instrucións que para a súa execución dese esta, de conformidade co director da obra.

27. DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS.

O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no Proxecto aprobado e toda a documentación que o integra, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, sempre e cando sexan compatibles co Dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 101 da LCSP.

Así mesmo, deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

28. RECEPCIÓN E RECUSACIÓN DE MATERIAIS.

O contratista só pode empregar os materiais na obra despois do exame previo e aceptación do técnico-director, nos termos e formas que este sinale, para o correcto cumprimento das condicións convidadas. Se o técnico-director non acepta os materiais sometidos ó seu exame deberá comunicalo por escrito ó contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

29. OBRAS DEFECTUOSAS OU MAL EXECUTADAS.

Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela haxa, sen que sexa eximente, nin lle dea dereito ningún, a circunstancia de que os representantes da administración examinasen ou coñeceran durante a súa construción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que se inclúan estes e aqueles nas medicións e certificacións parciais.

30. DEMOLICIÓN E RECONSTRUCCIÓN DAS OBRAS DEFECTUOSAS OU MAL EXECUTADAS.

Se se advirten vicios ou defectos na construción, ou se teñen fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o técnico-director ordenará durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobar a existencia de tales defectos ocultos.

31. RESPONSABILIDADE POR VICIOS OCULTOS.

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ó incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e perdas durante o termo de quince (15) anos contados desde a recepción.

Transcorrido este prazo sen que se manifeste ningún dano ou prexuízo, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 219 da LCSP.

32. DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DAS OBRAS.

A dirección e inspección das obras correspóndelle ó seu técnico-director (director de obra e se é o caso director de execución da obra, de acordo co disposto nos artigos 12 e 13 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación), o cal ditará as instrucións necesarias ó contratista para a normal e eficaz realización daquelas e sinalará o ritmo de execución conveniente, mediante as anotacións correspondentes no Libro de ordes.

Non obstante, o órgano de contratación poderá inspeccionar as obras cando o considere oportuno ou encomendarlle ditas funcións ós técnicos da Corporación.

33. LEXISLACIÓN LABORAL, SEGURIDADE SOCIAL E PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social, así como, as disposicións vixentes en materia de seguridade e saúde no traballo e prevención de riscos

laborais.

34. RESPONSABILIDADE. DANOS.

34.1. Será por conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, prexuízos e accións de calquera natureza que se lle ocasionen a terceiras persoas, pola súa persoa, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra.

34.2. Cando tales danos e perdas se ocasionen como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.

34.3. Así mesmo, o contratista responderá civil e, se é o caso, penalmente dos danos causados á administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras.

34.4. A cantidade en que se concreten tales danos será inmediatamente esixida pola vía de constrinximento administrativo.

35. GASTOS DE TRANSPORTE E ALMACENAXE E CUSTODIA E CONSERVACIÓN DE MATERIAIS.

35.1. O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de transporte de materiais ata o lugar sinalado e no prazo convidado e, se é o caso, os gastos de almacenaxe e depósito.

35.2. Así mesmo responderá da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou prexuízos nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

36. GASTOS DE ANUNCIOS, TRIBUTOS E VARIOS.-

36.1. O adxudicatario estará obrigado a pagar todos os gastos, de publicación de anuncios de licitación en xornais oficiais e medios de comunicación por un importe máximo de mil euros (1.000,00 €).

36.2. Así mesmo, deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, se é o caso, sobre o obxecto do contrato, así como obter a licenza de obras ou imposto sobre construcións, obras e instalacións, se procede, e o aboamento do tributo correspondente.

36.3. Serán por conta do adxudicatario e sen que supoña custo ningún para a administración, a realización daqueles proxectos de instalacións e equipos que se é o caso se prevexan no proxecto (electricidade, centros de transformación, aparellos elevadores, climatización, etc.), que sexan necesarios para a aprobación polos organismos competentes da administración, así como a tramitación perante ditos organismos e pagamento das taxas correspondentes.

37. CONTROL DE CALIDADE.

37.1. A dirección, de acordo co previsto no Prego de prescricións técnicas ordenará que se verifiquen os ensaios e análise de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán por conta do contratista ata un importe máximo do 1% do orzamento de execución material da obra.

37.2. A mesma dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir

as mostras e probetas para ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral para o efecto, nin estableceza tales datos o Prego de prescricións técnicas particulares.

37.3. Este control é independente do control interno que realice o adxudicatario e cuxo estrito cumprimento esixirá a Administración a través da dirección facultativa , tanto no que se refire ao programa de control, ensaios, como a cantidades destinadas a esta finalidade.

38. DEREITOS DO ADXUDICATARIO.

38.1. Dereito ó aboamento da obra que realmente execute de acordo ás cláusulas do presente prego, e de conformidade co programa de traballo. O dito aboamento efectuarase dentro do prazo máximo de trinta (30) días naturais seguintes á expedición da certificación e rexistro da correspondente factura.

Si a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentase no Rexistro Xeral de Entrada de Documentos do Concello de Noia, o prazo anterior non se computará ata que se subsanen os defectos que contivera a factura ou ata que se presente a mesma no Rexistro Xeral.

38.2. Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no suposto de que a demora do pagamento fose superior a catro (4) meses, polo que lle debe comunicar á administración cun mes de antelación tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da dita suspensión, nos termos establecidos na LCSP.

38.3. Dereito a resolver o contrato e ó resarcimento dos prexuízos que como consecuencia se orixinen ó contratista, se a demora da administración fose superior a oito (8) meses.

38.4. Dereito a transmitir os dereitos de cobramento, nos termos do artigo 201 da LCSP, e nas condicións sinaladas na cláusula 38 do presente prego.

39. ABOAMENTO DA OBRA EXECUTADA.

39.1. Medicións.- O técnico director realizará mensualmente e na forma que estableza o Prego de prescricións técnicas, a medición das unidades de obra executadas durante o período de tempo anterior.

O contratista poderá presenciar a realización de tales medicións.

Para as obras ou partes de obra cuxas dimensións e características teñan que quedar posterior e definitivamente ocultas, o contratista está obrigado a avisar á dirección coa suficiente antelación, co fin de que esta poida realizar as correspondentes medicións e toma de datos, levantando os planos que as definan, cuxa conformidade subscribirá o contratista.

A falta de aviso anticipado, cuxa existencia lle corresponde probar ó contratista, provocará que esté obrigado a aceptar as decisións da administración sobre o particular.

39.2. Relacións valoradas.- O técnico-director tomando como base as medicións das unidades de obra executada á que se refire o apartado anterior e os prezos contratados, redactará mensualmente a correspondente relación valorada.

39.3. Certificacións.- As certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e tramitaraas o técnico-director nos dous (2) días seguintes do período que correspondan logo da audiencia previa ó contratista para os efectos da súa conformidade ou reparos.

No suposto de obras plurianuais as certificacións axustaranse ás anualidades previstas sen que nunha única certificación se poida reflectir importes correspondentes a distintas anualidades.

39.4. Pagamentos.- Os pagamentos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada expedidas polo técnico-director da obra e aprobadas polo órgano competente da Corporación. Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación.

Terá o carácter de pagamento a conta, suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final, e sen supor de forma ningunha aprobación e recepción das obras que comprenden.

40. ABOAMENTOS A CONTA POR MATERIAIS ACOPIADOS.

40.1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta ata o 75 por 100 do valor dos materiais acopiados necesarios para a obra logo da autorización previa do órgano de contratación que terá por único obxecto controlar que se trata de ditos materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

- a) Que exista petición expresa do contratista, acompañando documentación xustificativa da propiedade ou posesión dos materiais.
- b) Que se reciban como útiles e almacenen na obra ou lugares autorizados para iso.
- c) Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran estrago ou desaparezan.
- d) Que o contratista preste a súa conformidade ó proxecto de devolución das cantidades anticipadas, para deducilo do importe total das unidades de obra en que queden incluídos tales materiais. Este plan elaborará a dirección de obra acompañándoo coa relación valorada.
- e) Que o contratista constitúa aval de acordo co previsto na cláusula 42.

40.2. As partidas correspondentes a materiais acopiados poderán incluírse na relación valorada mensual ou noutra independente.

40.3. Para os efectos do cálculo do valor unitario do material tomarase o resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación ó valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, se é o caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

Se a unidade de obra onde se encontra o material obxecto do aboamento non tivese a regulamentaria descomposición de prezos e non figurase no proxecto o custo inicial, fixaraos a dirección da obra, e non pode superar o 50 por 100 do prezo de dita unidade de obra.

40.4. Soamente procederá o aboamento da valoración resultante cando exista crédito suficiente con cargo á anualidade correspondente no exercicio económico vixente. No caso de que non se poida cubrir a totalidade do aboamento a conta reflectido na relación valorada, procederase ó aboamento que corresponda ó crédito dispoñible da anualidade do exercicio económico de que se trate.

41. ABOAMENTOS A CONTA POR INSTALACIÓNS E EQUIPOS.

41.1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta por razón das instalacións e equipos necesarios para a obra, de acordo coas regras seguintes:

- a) O aboamento virá determinado pola parte proporcional da amortización, calculado de acordo coa normativa vixente do Imposto sobre Sociedades, tendo en conta o tempo necesario de utilización.

- b) No caso de instalacións, o aboamento non poderá superar o 50 por 100 da partida de gastos xerais que resten por certificar até a finalización da obra e no de equipos o 20 por 100 das unidades de obra ós prezos contratados que resten por executar e para as cales se faga necesaria a utilización daqueles.
- c) O cálculo da cantidade que a aboar acompañarase dunha memoria explicativa dos resultados obtidos.
- d) Que o contratista constitúa aval de acordo co disposto na cláusula seguinte.

41.2. En canto ós requirimentos para estes aboamentos, tramitación e devolución estarase ó disposto na cláusula anterior.

42. GARANTÍAS POR ABOAMENTOS A CONTA POR MATERIAIS ACOPIADOS E POR INSTALACIÓNS E EQUIPOS.

42.1. Para realizar estes aboamentos será necesaria a constitución previa do correspondente aval polo importe correspondente ó do respectivo aboamento a conta, de acordo co establecido no artigo 215.2 da LCSP e 157 do RXLCAP.

42.2. O contratista terá dereito á cancelación total ou parcial destas garantías a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro dos aboamentos a conta percibidos.

43. CESIÓN DOS DEREITOS DE COBRO.

Os contratistas que, conforme ó anterior, teñan dereito de cobro fronte á administración, poderán ceder este conforme a dereito.

Para que a cesión do dereito de cobramento teña plena efectividade fronte á administración, será requirimento imprescindible a notificación fidedigna a ela do acordo de cesión. Para tal efecto, considerarase que a notificación se produciu cando se consigne mediante dilixencia no documento xustificativo do crédito, a toma de razón no libro de Rexistro de transmisións de certificacións.

Unha vez que a administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pagamento terá que ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da administración, os mandamentos de pagamento a nome do contratista sutirán efectos liberatorios.

44. PRÓRROGAS.

Se a demora na execución das obras se produce por motivos non imputables ó contratista e este ofrece cumprir o seu compromiso si se lle dá unha prórroga do tempo sinalado inicialmente, o órgano de Contratación poderá concedela por un prazo que será polo menos igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pida outro menor.

45. PENALIDADES ADMINISTRATIVAS.

Imporanse penalidades ó contratista cando incorra nalguna das causas previstas a continuación:

a) **Polo incumprimento das condicións esenciais da execución.** O incumprimento de calquera das condicións esenciais de execución establecidas neste prego dará lugar á imposición ó contratista das seguintes penalidades:

- Como regra xeral, a súa cuantía será do 1% do importe de adxudicación do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.
- Faranse efectivas mediante deducción das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ó contratista, ou sobre a garantía, conforme ó artigo 196.8. da LCSP

O cumprimento polo adxudicatario das condicións esenciais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ó tempo da recepción das obras.

Cando o incumprimento se refira á contratación de persoal nos términos fixados na oferta do contratista, será considerada como infracción moi grave ós efectos previstos no artigo 102.2. da LCSP sempre que o incumprimento supoña unha contratación de nova man de obra que non se atope en situación de desemprego superior ó 50% do total da contratada como nova.

b) Polo incumprimento defectuoso. Imporanse penalidades polo incumprimento defectuoso nos seguintes términos:

- Si, ó tempo da recepción, as obras non se atopan en estado de ser recibidas por causas imputables ó contratista.
- Como regra xeral, a súa cuantía será do 1% do importe de adxudicación do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.
- En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

c) Polo incumprimento dos criterios de adxudicación. Imporanse ó contratista penalidades por incumprir os criterios de adxudicación nos seguintes términos:

- Si, durante a execución do contrato ou ó tempo da súa recepción, se aprecia que, por causas imputables ó contratista, incumpreu algún ou algúns dos compromisos asumidos na súa oferta, en especial ós relativos ó volume de man de obra a utilizar na execución do contrato.
- Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ó descontarse un 25% da puntuación obtida polo contratista no criteiro de adxudicación incumprido, resultara que a súa oferta non tería sido a mellor valorada.
- Como regra xeral, a súa cuantía será do 1% do importe de adxudicación do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

d) Por demora. Cando o contratista, por causas que lle foran imputables, incorrira en demora, tanto en relación ó prazo total como aos prazos parciais establecidos, estarase ó disposto no artigo 196 da LCSP en canto á imposición destas penalidades.

46. MODIFICACIÓNS DE OBRAS.

46.1. En ningún caso o técnico-director das obras ou o adxudicatario poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no contrato sen a debida aprobación técnica da modificación e a

aprobación económica do orzamento reformado resultante, se é o caso, como consecuencia dela. A mencionada aprobación corresponderalle ó órgano de contratación, despois da redacción previa do proxecto, audiencia ó contratista, fiscalización do gasto e existencia de crédito. Todo iso sen prexuízo do disposto no artigo 217.4 da LCSP, para os supostos os que se refire este precepto.

46.2. Non obstante o disposto no apartado anterior, só poderán introducirse variacións sen previa aprobación cando consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10 por 100 do prezo primitivo do contrato.

As variacións mencionadas no parágrafo anterior, respectando en todo caso o límite previsto nel, iranse incorporando ás relacións valoradas mensuais e poderanse recoller e aboar nas certificacións mensuais, ou con cargo ao crédito adicional do 10 por 100 a que se refire a disposición derradeira 2ª da LCSP. Non obstante, cando con posterioridade a estas haxa necesidade de introducir no proxecto modificacións das previstas no artigo 217 da LCSP deberanse recoller tales variacións na proposta que se vai elaborar sen necesidade de esperar á certificación final.

46.3. Serán obrigatorias para o contratista as modificacións no contrato de obras que, de acordo ó establecido no artigo 217 da LCSP, produzan aumento, redución ou supresión das unidades de obra ou substitución dunha clase de fábrica por outra, sempre que esta sexa unha das comprendidas no contrato. En caso de supresión ou redución de obras, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización ningunha, sen prexuízo do que se establece no devandito artigo.

46.4. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non comprendidas no proxecto ou cuxas características difiran substancialmente delas, os prezos da súa aplicación fixaraos a administración á vista da proposta do director facultativo das obras e das observacións do contratista a esta proposta en trámite de audiencia, por prazo mínimo de 3 días hábiles. Se este non acepta os prezos fixados, o órgano de Contratación poderá contratatalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixe ou executalas directamente. A contratación con outro empresario poderá realizarse polo procedemento negociado sen publicidade sempre que o seu importe non exceda do 20% do prezo primitivo do contrato.

46.5. Cando como consecuencia da modificación do contrato aumente o seu prezo, reaxustarase a garantía que se cuantificará no 5% do incremento experimentado no prezo de adxudicación, IVE excluído. Esta garantía constituirase dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a notificación de aprobación da modificación. A non constitución da garantía dentro do dito prazo dará lugar á resolución do contrato.

47. CESIÓN DE CONTRATO.

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes dun contrato de obras ou subcontratar unidades de obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requirimentos e condicións establecidos no artigo 209 da LCSP.

O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a autorización expresa polo órgano de contratación da cesión. A non constitución da garantía dentro de dito prazo dará lugar á resolución do contrato.

48. SUBCONTRATACIÓN.

48.1. Os contratistas non podrán concertar con terceiros a realización parcial das obras sen obter

previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 210 e 211 da LCSP. En todo caso as prestacións parciais que o adxudicatario subcontrate con terceiros non podrán exceder do 60% do importe de adxudicación.

48.2. Así mesmo, o contratista e subcontratistas deberán observar os requisitos e condicións establecidas na Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción, e no Real decreto 1.109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a lei.

48.3. O contratista queda obrigado a aboar ós subcontratistas e subministradores, o prezo pactado polas prestacións cuxa realización lles enconcedase, no prazo máximo de trinta (30) días naturais, contados desde a data de aprobación polo contratista principal da factura emitida polo subcontratista ou subministrador, de acordo ó establecido no artigo 9.5. do Real decreto-lei 9/2008.

48.4. Cando o contratista incumpla as condicións para a subcontratación establecidas no artigo 210.2. da LCSP ou o límite máximo especial establecido para a subcontratación, imporase a penalidade regulada no artigo 210.3. con suxeición ó seguinte:

- Faranse efectivas mediante deducción das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ó contratista, ou sobre a garantía, conforme ó artigo 196.8. da LCSP.
- Como regra xeral, a súa cuantía será do 5% do importe do subcontrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderá acadar ata o 10% ou ata o máximo legal do 50%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

49. RECEPCIÓN DAS OBRAS.

49.1. O contratista comunicaralle por escrito ó facultativo director da obra a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 45 días hábiles.

49.2. A recepción das obras realizarase como máximo dentro do mes seguinte á terminación das obras. Todo iso de conformidade co artigo 218 da LCSP.

O contratista ten a obriga de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obriga o representante da administración remitiralles un exemplar para que no prazo de dez (10) días formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de contratación.

49.3. Ó tempo da recepción comprobarase en particular o cumprimento polo contratista das seguintes obrigas:

- a) Que a obra esté totalmente despexada, debendo o contratista ter restituído á súa situación inicial as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas.
- b) O cumprimento non defectuoso do contrato.
- c) O cumprimento dos criterios de adxudicación.
- d) O cumprimento das condicións de execución.

49.4. Do resultado da recepción redactarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles.

49.5. Cando as obras non están en estado de seren recibidas farase constar así na acta e o seu director sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles.

Se transcorrido o dito prazo o contratista non o efectúa, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

50. CERTIFICACIÓN FINAL DAS OBRAS.

Dentro do prazo de tres (3) meses contados a partir da acta de recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que se lle aboará ó contratista a conta da liquidación do contrato.

51. PRAZO DE GARANTÍA.

O prazo de garantía terá unha duración dun ano contado desde a recepción da obra.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan, seguindo, se é o caso, as instrucións que reciba do técnico-director.

Se as obras se estragan por incumprimento desta obriga, os traballos necesarios para a súa reparación executaraos a administración contratante, a costa do contratista.

52. LIQUIDACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

Dentro do prazo de 15 días anteriores ó cumprimento do último prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou por instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este é favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no artigo 219 da LCSP (responsabilidade por vicios ocultos), procedéndose á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, se é o caso, das obrigas pendentes, que deberá efectuarse no prazo de 30 días.

No caso de que o informe sexa desfavorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ó uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo ditaralle as oportunas instrucións ó contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

53. CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán as establecidas nos artigos 206 e 220 da LCSP, ademais da recollida na cláusula 6.4.g) do presente prego, cos efectos dispostos nos artigos 208 e 222.

54. CONFIDENCIALIDADE.

Sen perxuízo das disposicións da LCSP relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse aos candidatos e aos licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ó formular as súas ofertas, en especial con respecto aos segredos técnicos ou comerciais e aos aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sin o seu consentimento.

De acordo ó previsto no artigo 124.2. da LCSP, o contratista debe respectar o carácter confidencial daquela información a que teña acceso con ocasión da execución do contrato que pola súa natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento da

información.

55. INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN, RESOLUCIÓN DO CONTRATO E RECURSOS PERTINENTES.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato resolveraos o órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e contra eles terá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme ó disposto na Lei reguladora de dita xurisdición, despois da interposición previa, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados consideren procedente.

Noia, 2 de abril de 2009.
O Alcalde,

Asdo. Rafael García Guerrero.